

## USO SEGURO, SAUDABLE E RESPONSABLE DAS TECNOLOXÍAS CONECTADAS

Actividade dirixida á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación e a promoción de igualdade de oportunidades que fomenten a desapearición dos roles e estereotipos de xénero, a violencia sexual ou o uso adecuado e crítico da internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercriminosos (stalking, sexting, grooming...) no ámbito educativo do conxunto de Tordoia, no C.PI. Pecalama. Como complemento a esta acción có alumnado, realizaranse tamén accións para a formación e sensibilización das familias, có obxectivo de analizar medidas de prevención que les permitan acompañar aos fillos e fillas para facer fronte as situacións de risco derivadas do uso de internet, móbiles e outros servizos e tecnoloxías conectadas.

### 1. Obxectivos

- Proporcionar a nenos, nenas e adolescentes, de acordo coas necesidades de cada idade e na maneira máis apropiada, unha referencia clara de cales son as oportunidades que nos brindan e que riscos poden presentarse ao usar as TIC. Así mesmo, ofrecer prácticas saudables e reflexivas, así como as medidas para evitar conflitos ou minimizar as súas consecuencias.
- Fomentar pautas educativas para o desenvolvemento do pensamento crítico e o razoamento reflexivo e responsable.
- Sensibilizar sobre do cibercoso e a súa prevención.
- Sensibilizar á contorna sobre a importancia da protección dos datos persoais
- Dotar a nenos, nenas e adolescentes de ferramentas para identificar situacións de risco e analizar as opcións de resposta ante este tipo de ameazas.
- Fomentar o uso adecuado e responsable das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC).

## 2. Metodoloxía

### Principios metodolóxicos


- Desenvolvemento de Habilidades para a Vida.
- Énfase na Educación Emocional e Perspectiva de xénero.
- Sesións personalizadas.
- Fomento da Mediación.
- Avaliación de Impacto.
- Acompañamento Integral.

Proponse a combinación de dous formatos de talleres ou charlas a levar a cabo:

- **Charla/Exposición** en formato exposición de dúas horas acompañadas de animacións e vídeos exclusivos nas que se abordan, de forma xeral e específica, diversos temas relacionados co Uso seguro e saudable das tecnoloxías conectadas.

- **Talleres gamificados** A dinámica xeral é conducida por medio do xogo en grupos con videoxogos, ordenadores e tablets.

Como complemento a esta acción, impartiranse unha sesión de dúas horas para a formación e sensibilización das familias.



## 3.Exposición temática xeral

### Contidos para Primaria

- Que nos achegan as Tecnoloxías conectadas? Internet, dispositivos móbiles, apps...
- Importancia da protección dos datos persoais e a imaxe.
- Cyberbullying e a súa prevención.
- Como evitar meterse en leas? Netiqueta.
- Que facer en caso de problemas?

### Contidos para Secundaria

- Que nos achegan as Tecnoloxías conectadas? Internet, dispositivos móbiles, apps...
- Redes sociais.
- Identidade dixital.
- Protección dos datos persoais e a imaxe. Ciberconvivencia, Netiqueta.
- Características de Whatsapp, Instagram, Twitter, TikTok...
- Cyberbullying e a súa prevención.
- Medidas de autoprotección.

### Exposición temática específica

- Ciberconvivencia plural.
- Comportamentos discriminatorios na contorna dixital, Cibercoso LGTBfóbico.
- Fake- news. Pensamento crítico.
- Uso sen abuso.
- Circunstancias que fomentan o uso abusivo, síntomas e problemas derivados do uso abusivo.
- Necesito estar conectado@?
- Recomendacións para un uso saudable.
- Violencia de xénero dixital.
- Sexting, sextorsión, Ciberviolencia machista...
- Dez formas de violencia de xénero dixital.
- Internet e a responsabilidade ante lei.

### Exposición temática para familias

- uso seguro de internet, dispositivos móbiles e redes sociais,
- uso sin abuso dos videoxogos.

#### **4. PERSOAS PARTICIPANTES OU DESTINATARIAS**

Alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria, e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO do CPI Pecalama de Tordoia.

Pais, nais e familias que queiran formarse para acompañar aos fillos e fillos en facer fronte a situacións de risco derivadas do uso de internet, móbiles e outras tecnoloxías conectadas.

#### **5. LUGAR DE REALIZACIÓN E**

##### **CRONOGRAMA**

Alumnado de 4º, 5º, 6º de primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO: CPI Pecalama de Tordoia en horario lectivo durante a semana do 20 ao 27 de setembro DE 2019.

Realizaranse tres sesións de dúas horas cada unha, con cada grupo de 5º e 6º de primaria e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO do CPI Pecalama.

Emplearanse , por tanto, seis horas con cada grupo. Cada sesión de dúas horas abordárase en días distintos.

En 4º de primaria realizarase dúas sesións de dúas horas cada unha, serán un total de 4 horas con este grupo.

Para as familias, realizarase unha sesión o día 26 de setembro de 2019 na Casa de Cultura, de 17,30 horas a 19,30 horas. Esta acción estará aberta tamén a toda a poboación, en xeral, que desexa participar.

**Subvencionado pola Secretaría Xeral da Igualdade, en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero**



**XUNTA DE GALICIA**

Secretaría Xeral da Igualdade



GOBIERNO DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA DEL GOBIERNO MINISTERIO DE POLÍTICA SOCIAL Y FAMILIA

**PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E DIFUSIÓN SOBRE A IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**



**USO SEGURO, SAUDABLE E RESPONSABLE DAS TECNOLOXÍAS CONECTADAS**



**CONCELLO DE TORDOIA**